

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL NA ESCOLA

Unha mirada desde a práctica



Módulo 2. A introdución da Educación para a cidadanía global na
escola

Documento1-Módulo 2

Táboa de Contido

1. Introducción	3
2. O enfoque da ECG no Sistema Educativo.....	3
3. A ECG desde o marco normativo	6
4. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: onde facelo	9
5. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: como facelo	11
6. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: como formarnos	16
Para saber mais.....	16
Para reflexionar	16
Recursos obrigatorios	16

1. Introducción

Obxectivos:

1. Reflexionar sobre a pertinencia e oportunidade da incorporación da ECG á escola e ao currículo desde a aprobación da LOMLOE (2020).
2. Coñecer as relacións entre o currículo das distintas etapas educativas e as temáticas da ECG
3. Formular os pasos a seguir para a integración da ECG no deseño curricular.

Contidos:

1. O enfoque da ECG na LOMLOE (2020).
2. A integración das temáticas da ECG no currículo das áreas e materias.
3. As fases do deseño curricular desde o enfoque da ECG.

2. O enfoque da ECG no Sistema Educativo

Introducir a Educación para a Cidadanía Global nas diferentes etapas educativas é posible por tres razóns, cando menos:

1. Temos experiencias de referencia, coma as que se van presentar neste MOOC, ou as que se recollen no **Cenit: Mapa de experiencias de Educación para a Cidadanía Global**¹. Esta é unha ferramenta creada polo grupo ECIGAL que ten como obxectivo de dar a coñecer experiencias de ECG e crear redes de colaboración. Pretende ademais xerar un espazo para coñecer,

¹ <https://www.ecigal.gal/es/cenit-mapa>

cuestionar, reflexionar e avanzar conxuntamente na superación dun enfoque reduccionista e testemuñal da ECG.

2. As Organizacións Non Governamentais poden acompañarnos no proceso. En Galicia ONGs como Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO, Asemblea de Cooperación pola Paz, InteRed, Arquitectura sen Fronteiras, Ecos do Sur, Entreculturas ou Amigos da Terra, entre outras, teñen unha ampla experiencia de traballo na promoción da ECG dentro da educación formal ou regrada. Estas organizacións de desenvolvemento aglutínanse na Coordinadora Galega de ONGD, que é unha plataforma que conta actualmente con 45 organizacións socias que traballan no eido da cooperación ao desenvolvemento, a educación para a cidadanía global e a acción humanitaria na nosa comunidade autónoma. Dentro da CGONDG desenvólvese un traballo colectivo e en rede a través de diferentes grupos de traballo. No caso da ECG canalízase mediante a Comisión de Educación, que pretende o seguinte: consolidar o enfoque de Educación para a Cidadanía Global no funcionamento interno das ONGD e nos órganos membro da Coordinadora; apoiar no fomento dunha cidadanía galega comprometida coa loita contra as desigualdades; e impulsar accións de incidencia para incorporar a ECG nas políticas públicas en materia de educación.
3. Existen convocatorias e iniciativas, tanto públicas coma de carácter privado, que nos animan e nos ofrecen recursos. Entre elas se poden mencionar:
 - a) *Activistas polo mundo que queremos*: proxecto integrado no *Plan Proxecta+*. O *Plan Proxecta* é unha iniciativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en colaboración con diferentes organismos, dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas educativos que fomenten o traballo cooperativo, interdisciplinar e competencial, pero que ademais estean

comprometidos coa consecución dos obxectivos de desenvolvemento sostible da Axenda 2030.

- b) *Campaña Mundial pola Educación*: ten por obxectivo sensibilizar e mobilizar á cidadanía como portavoces e activistas do Dereito á Educación e incidir nos representantes políticos para que cumpran os seus compromisos co dereito á educación.
- c) *EpDLab*: proxecto de AGARESO que pretende educar en valores e incrementar o pensamento crítico da mocidade dos diferentes centros educativos afondando na alfabetización mediática e en temáticas globais empregando ferramentas de comunicación dixital.
- d) *O Globo*: iniciativa de Solidariedade Internacional de Galicia que alberga e impulsa micro-experiencias de transformación social compartidas coa sociedade a través dun encontro anual, un espazo web para visibilizalas e un caixón de ferramentas e recursos.
- e) *Proxecto De Ítaca a Ávalon*: proxecto sobre coeducación para a transformación e polo dereito a unha vida libre de violencias machistas. Promove unha cidadanía crítica, activa e responsable a través da coeducación para a transformación social acorde á Axenda 2030 e aos Obxectivos do Desenvolvemento Sostíbel (ODS).
- f) *Escolas sen racismo, escolas para a paz e o desenvolvemento*: proxecto para dotar aos equipos docentes, así como ao conxunto de axentes que forman a comunidade educativa, de ferramentas, formación e materiais para o traballo de educación en valores e a educación para a paz e o desenvolvemento.
- g) *Ciberrespect*: proxecto de Ecos do Sur que propón combater o impacto que o discurso do odio nas Redes pode exercer na opinión pública, ofrecendo un novo modelo de intervención que articula o espazo físico e o virtual.

- h) *Rede de Eco Hortas Escolares*: espazo de intercambio de coñecementos e experiencias dirixido a calquera centro educativo galego que teña en marcha ou queira iniciar una horta ecolóxica nas súas instalacións.

Por outra banda, o grupo de Investigación ECIGAL, xunto co mapa *Cenit*, tamén dispón na súa web dun apartado **de Recursos de ECG**² a disposición de quen queira consualos.

Tamén hai certames e galardóns, como o *Premio Galego de Educación para a Cidadanía Global*, que ten por obxectivo recoñecer experiencias educativas transformadoras que fomenten unha cidadanía solidaria, crítica e comprometida coa construción dun mundo xusto. A nivel estatal a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) anualmente convoca o *Premio Nacional de educación para el desarrollo Vicente Ferrer*, destinado a aqueles centros docentes sostidos con fondos públicos que desenvolvan accións, experiencias educativas, proxectos ou propostas pedagóxicas destinados a sensibilizar, concienciar, desenvolver o espírito crítico e fomentar a participación activa do alumnado na consecución dunha cidadanía global, solidaria, comprometida coa erradicación da pobreza e as súas causas.

Por último, debemos mencionar que a nova lei educativa está do noso lado. A LOMLOE (2020), tendo en conta o obxectivo sobre a Educación de calidade da Axenda 2030, tenta que o alumnado adquira o coñecemento e as habilidades necesarias para promover o desenvolvemento sostible e a cidadanía global. No seguinte apartado se desenvolverá en maior profundidade este marco normativo facilitador da integración da ECG na escola.

3. A ECG desde o marco normativo

² <https://www.ecigal.gal/es/recursossecg>

A LOMLOE (2020), xa no seu preámbulo, e ante o obxectivo de reforzar a equidade e a capacidade inclusiva do sistema educativo, avoga pola incorporación de cinco enfoques nos que directa ou indirectamente se contemplan dimensións da educación para a cidadanía global:

1. O enfoque de dereitos da infancia: recoñecendo o dereito superior da e do menor, o seu dereito á educación e a obriga do estado de asegurar o cumprimento dos seus dereitos, de acordo coa Convención sobre os dereitos do neno de Nacións Unidas (1989).
2. O enfoque de igualdade de xénero: a través da coeducación se fomenta en todas as etapas a aprendizaxe a igualdade efectiva de mulleres e homes, a prevención da violencia de xénero e o respecto á diversidade afectivo-sexual, introducindo na educación secundaria a orientación educativa e profesional do alumnado con perspectiva inclusiva e non sexista.
3. O enfoque transversal sobre a garantía de éxito para todo o alumnado, que implica unha mellora continua dos centros educativos e unha personalización da aprendizaxe.
4. O enfoque do desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial: que de acordo co establecido na Axenda 2030, debe incardinarse nos plans e programas educativos da totalidade do ensino obrigatorio, incorporando os coñecementos, capacidades, valores e actitudes que necesitan todas as persoas para vivir unha vida frutífera, adoptar decisións fundamentadas e asumir un papel activo –tanto no ámbito local como mundial– á hora de afrontar e resolver os problemas comúns a todas as cidadás e cidadáns do mundo. A educación para o desenvolvemento sustentable e para a cidadanía mundial inclúe:
 - a) A educación para a paz e os dereitos humanos.

- b) A comprensión internacional e a educación intercultural.
- c) A educación para a transición ecolóxica, sen descoidar a acción local.

Estes tres eixes se consideran imprescindibles para abordar a emerxencia climática, de modo que o alumnado coñeza que consecuencias teñen as nosas accións diarias no planeta e xerar, por conseguinte, empatía cara á súa contorna natural e social. Desde ECIGAL entendemos que, ademais, a mobilización política que denuncie os procesos de transferencia da responsabilidade argallados polas grandes corporacións e as industrias mais contaminantes, deberían ser parte deste enfoque.

- 5. O enfoque sobre o cambio dixital: que implica o desenvolvemento dunha competencia dixital en todas as etapas educativas, tanto a través dos respectivos contidos como de forma transversal, e facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

Desde ECIGAL entendemos que esta competencia dixital debe ir orientada ao desenvolvemento dunha alfabetización dixital crítica, na que a educación para os medios de comunicación, orientada á análise crítica das mensaxes dos medios e a creación de produtos mediáticos comprometidos coa xustiza global, debe ser un obxectivo prioritario.

En relación coas distintas etapas educativas, se pode ver que, se ben para a Educación Infantil non se fai referencia explícita á incorporación do enfoque da ECG, no caso da Educación Primaria retómase para o terceiro ciclo a área de Valores Cívicos é Éticos onde. Tal e como se recolle na lei, nesta área se atenderá especialmente ao coñecemento e respecto dos Dereitos Humanos e da Infancia, aos recollidos na Constitución española, á educación para o desenvolvemento sustentable e a cidadanía mundial, a igualdade de mulleres e homes e ao valor do respecto á diversidade, fomentando o espírito crítico e a cultura de paz e non violencia.

Esta área retómase ademais como materia obrigatoria para un dos cursos da Educación Secundaria Obrigatoria, etapa na que se engade a posibilidade de ofrecer materias optativas que poidan configurarse como traballos monográficos ou proxectos de colaboración como servizo á comunidade, o que representa un marco idóneo para a incorporación das temáticas da Educación para a Cidadanía Global.

Finalmente, a LOMLOE (2020) dedica a súa disposición adicional sexta á Educación para o Desenvolvemento Sustentable e para a Cidadanía Mundial onde, de acordo co cuarto obxectivo da Axenda 2030, sobre a educación de calidade, se compromete a incorporar este enfoque como contido das probas de acceso á función docente para o 2022, e nos procesos de formación continua do profesorado garantindo que antes do 2025, todo o profesorado da educación obrigatoria teña recibido formación ao respecto.

4. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: onde facelo

A integración da ECG pode facerse no marco das áreas e das materias das diferentes etapas educativas, incorporando estas temáticas desde dous enfoques posibles: como contidos transversais ou da educación en valores, ou como parte dos contidos disciplinarios propios de cada área ou materia:

1. Desde o ámbito da transversalidade, a LOMLOE (2020) recoñece contidos como aqueles que fomenten a autonomía, a reflexión, a igualdade de trato e a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como a prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, a prevención e resolución pacífica de conflitos, a liberdade, a xustiza, o pluralismo político, a democracia e o respecto aos dereitos humanos.

2. Desde o ámbito curricular propio de cada unha das etapas é posible integrar este enfoque e, aínda que tradicionalmente vinculouse a ECG á etapa da Educación Secundaria Obrigatoria a través de materias como Valores ou Filosofía, desde ECIGAL propoñemos a súa inclusión desde calquera das materias ou áreas do currículo e en calquera das etapas educativas.

Na **Educación Infantil** as tres áreas nas que se organiza o currículo constitúen un marco axeitado para incorporar a ECG. Por exemplo, na área de *Crecemento en harmonía* pódese traballar a diversidade, a influencia da actividade cotiá no local e no global, os hábitos de vida saudables para as persoas e sostibles para o medio. Na área de *Exploración da contorna*, pódense abordar temas como a educación medioambiental, a convivencia, a cultura da paz e a resolución pacífica de conflitos. E na área de *Representación da realidade*, todas as formas de linguaxe presentes, constitúen ferramentas imprescindibles para achegarse, comprender e expresar o mundo desde unha perspectiva máis cívica e xusta.

Na **Educación Primaria** tamén podemos incorporar a ECG en todas as áreas. Así por exemplo, as distintas linguaxes, traballadas nas áreas de Linguas e Educación artística, dannos ferramentas para comprender e formarnos como cidadanía activa, participativa e mobilizada pola xustiza social. A área de *Coñecemento do medio natural, social e cultural* permite abordar temas como medioambiente, diversidade cultural e relacións interculturais, etc. O enfoque globalizador que favorece esta área permite a reflexión sobre as causas dos problemas que afectan á cidadanía. As Matemáticas, danos a oportunidade para traballar contidos como o consumo sostible e responsable, o comercio xusto, a economía social, etc. E a Educación física, tamén nos permite abordar temáticas relacionadas coa vida saudable, a diversidade de xénero, a cooperación, etc.

Na **Educación Secundaria Obrigatoria**, podemos adoptar o xa dito para as etapas anteriores, tendo en conta que agora hai marcos máis especializados

conformados polas materias de Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Xeografía e Historia e Tecnoloxía, que en ningún caso deixan de ser alleos as temáticas da ECG.

5. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: como facelo

A Educación para a Cidadanía Global debe estar tanto no deseño das materias como no seu desenvolvemento, ademais de formar parte da súa avaliación. Os seus eixos deben ser: sensibilizar, formar, investigar e actuar interconectando o local co global. Canto máis global, interdisciplinar e continua sexa a proposta, máis significativa será, pois aínda que se pode traballar dende calquera materia destacamos que unha das vías con máis potencial de integrar a Educación para a Cidadanía Global é a través dun proxecto de centro. As fases para facelo poden ser as seguintes:

- Fase 1. Análise dos puntos de partida de cada axente implicado. (equipo docente, ONGs colaboradoras, etc.).
- Fase 2. Delimitar o campo de estudo en función das necesidades detectadas (contexto social do centro).
- Fase 3. Determinar as demandas formativas de cada axente derivadas do tema de estudo.
- Fase 4. Fixar as demandas pedagóxicas derivadas do tema de estudo.
- Fase 5. Establecer os principios e valores que sustentan o proxecto.
- Fase 6. Marcar as funcións de cada axente.
- Fase 7. Establecer estratexias para dinamizar os espazos de reflexión e participación.
- Fase 8. Diseñar actuacións dende unha perspectiva curricular integral.

Ademais, nesta fase, elixido o tema sobre o que se vertebra o proxecto e os principios e valores que o sustentan, deben definirse para cada materia ou area, curso e etapa implicada:

- a. Os Obxectivos do currículo e da ECG que se van acadar.
 - b. Os contidos da ECG, facendo explícita a relación local-global que se vai incorporar.
 - c. As metodoloxías a desenvolver.
 - d. A relación de actividades e/ou accións.
 - e. Os recursos necesarios.
 - f. E a proposta de avaliación.
- Fase 9. Determinar as demandas organizativas derivadas do tema de estudo.
 - Fase 10. Facilitar a posta en práctica das propostas formuladas.

Debemos ademais ter en conta as seguintes cuestións:

- Cantas máis áreas e materias se implique na experiencia, maior dispoñibilidade de tempo no horario escolar.
- O compromiso persoal e a temática son factores decisivos nas iniciativas de ECG.
- O traballo colaborativo axuda na solidez, continuidade e satisfacción do proxecto.
- A experiencia debe incluírse na dinámica curricular e organizativa das áreas e materias e do centro educativo.
- O profesorado, o alumnado e o centro en xeral, deben superar as rutinas curriculares, metodolóxicas e organizativas para aproveitar toda a potencialidade do proxecto.

Outros espazos que reforzan e dan apoio a inclusión curricular da ECG, poden ser as horas de titoría, a biblioteca, os recreos, o comedor, as diferentes comisións do centro educativo, as actividades extraescolares, etc. Tamén debemos contar con axentes cómplices coma as ONGs, as ANPAs e calquera administración ou servizo da contorna (concello, os servizos comunitarios, entidades socioculturais, etc.

Desde ECIGAL, Rosa M^a Méndez García e Alba Patricia Digón Regueiro, a partir do traballo no proxecto de investigación Mapping Critical Global Citizenship Education in Spanish Schools³ identifican e definen cinco enfoques ou formas de incorporar a ECG:

1. **Enfoque paracurricular:** proxectos que se enmarcan no plan anual do centro e tratan de contribuír a unha convivencia máis cívica e sostible en todas as actuacións do centro. Poden ser de carácter máis puntual, como días “D” ou “semanas D”, ou poden ter unha presenza máis permanente, implicando un posicionamento explícito do centro respecto dunha temática ecosocial que incide directamente no comportamento diario da comunidade educativa durante a xornada escolar (por exemplo, reciclaxe, residuos cero, etc.)

Non cabe dúbida da súa potencialidade educativa, que evidentemente aumenta en proporción á súa duración, pero, por outra banda, non adoita existir ningunha esixencia de implicación curricular, quedando practicamente a vontade do profesorado o abordar este tipo de contidos no marco das súas materias, como contidos de aprendizaxe sobre os que se pode reflexionar en profundidade e que poden ser obxecto de avaliación.

2. **Enfoque disciplinario:** parte da tese de que a ECG pode e debe ser traballada desde todas e cada unha das materias que integran a oferta educativa da etapa. Implicaría a revisión de contidos e metodoloxías,

³ Proxecto levado a cabo durante o 2021 e financiado por GENE (Global Education Network Europe) e EERA (European Educational Research Association),

<https://www.ecigal.gal/es/mapping-ecg>

<https://blog.eera-ecer.de/map-cgce/>

tanto docentes como de avaliación, así como tomar decisións sobre se a ECG se vai abordar como contido propio da materia ou como contido transversal.

Este enfoque suporía, polo tanto, un esforzo máis curricular que organizativo, xa que non implicaría ningún cambio a nivel de horarios das materias nin de reorganización docente. Porén, pode acabar xerando unha xerarquía entre materias (mesmo entre contidos), interpretando unhas como máis adecuadas que outras. Ademais, se se opta pola opción da transversalidade, moitos estudos poñen de manifesto o sobre esforzo que isto supón para o profesorado, e a pouca eficacia final na aprendizaxe resultante. A isto habería que engadirlle o perigo de confundir contido transversal ou educación en valores con ECG, pois de non incorporar a visión global e facer explícitas as interdependencias e corresponsabilidades, non chegaría a ser un verdadeiro enfoque ECG.

3. **Enfoque mixto:** consiste en reservar tempo no horario escolar para unha materia ou proxecto de ECG que permitan a entrada deste enfoque. Trataríase dunha materia nova que coexistiría co resto das materias establecidas no currículo oficial, quedando estas exentas da incorporación do enfoque ECG. É unha alternativa que implica certos cambios tanto a nivel organizativo como a nivel curricular, que se poden interpretar como pouco invasivos.

Este enfoque pode ser unha boa forma de iniciar o camiño da transformación, xa que esta nova materia permite familiarizarse cos contidos, métodos e sistemas de avaliación do enfoque ECG, sen a sensación de abandono significativo do currículo preestablecido. Por outra banda, seguiríamos correndo o risco de xerarquización entre esta materia e o resto, e a tarefa de dar sentido e utilidade ás materias ordinarias dos plans de estudos para a comprensión dos problemas ecosociais que nos afectan podería seguir pendente. Normativamente, a incorporación da materia

de Valores Cívicos e Éticos que fai a LOMLOE (2020) nun dos cursos da Educación Primaria e na ESO é un avance cara a este enfoque complementario de incorporación da ECG.

4. Enfoque **interdisciplinar**: consistente en organizar o curso escolar en proxectos de carácter interdisciplinar que incorporen o enfoque ECG. Isto permitiría deseñar proxectos nos que se implicarían distintas áreas e materias ao longo do curso, coas combinacións que se consideren relevantes en cada caso, segundo o contido disciplinario que o currículo estableza para impartir e a temática ECG que se decida abordar. O ideal sería que todas as materias participasen na iniciativa ao longo do curso. Evidentemente xa estamos a falar de cambios importantes tanto a nivel organizativo coma curricular, que esixen indiscutiblemente un importante esforzo de coordinación na elaboración e deseño dos proxectos, e polo tanto da necesidade de tempos e espazos axeitados para iso.
5. **Enfoque globalizado**: rompería co concepto de disciplina en termos de tempo e espazo no horario lectivo, tal e como o entendemos ata agora, ou mesmo coa agrupación do alumnado por cursos en función da idade, e poría os coñecementos disciplinarios ao servizo da temática de ECG a tratar. Neste caso estaríamos ante o máximo grao de transformación da dinámica escolar, o que requiriría unha posición unánime da comunidade educativa e unha complicidade da administración que permita o exercicio do grao de autonomía que o enfoque require.

Calquera destes enfoques pode ser unha boa opción para a integración da ECG na práctica educativa, os primeiros para comezar, e os últimos para entrar en marcos educativos máis comprometidos, coherentes e transformadores. Todos eles

requiren, sen dúbida, dun importante traballo coordinado de deseño e implementación a nivel de docencia e de avaliación.

6. A incorporación do enfoque da ECG na práctica educativa: como formarnos

A formación sempre é importante, e como xa vimos, a LOMLOE (2020) comprométese a introducila no sistema de acceso ao corpo docente no 2022, e a que todos e todas as docentes dos niveis obrigatorios reciban formación antes do 2025. Este curso pretende axudar neste proceso.

Para saber mais

Afonda no concepto de currículo integrado.

Para reflexionar

Pensa nas posibilidades dos contidos das áreas e materias do currículo das diferentes etapas educativas para a incorporación da ECG. Podes facer unha análise DAFO, se che axuda na tarefa.

Recursos obrigatorios

Vídeo 3

Vídeo 4

Bibliografía utilizada na elaboración deste texto

Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

<https://www.edu.xunta.gal/portal/node/37869>

Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia

https://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/aprobada-e-publicada-no-dog/-/nt/0609/decreto-1552022-15-setembro-polo-que-establecen-ordenacion-curriculo-educacion?langId=gl_ES

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220926/AnuncioG0655-190922-0002_gl.htmlProxecto de investigación

DePalma, Renée (2019). *La educación para el desarrollo y la ciudadanía global. Una experiencia de investigación-acción participativa*. Graó

LOMLOE (2020): https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2020-17264

Nacións Unidas, Axenda 2030:

<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/2015/09/la-asamblea-general-adopta-la-agenda-2030-para-el-desarrollo-sostenibleA/>

Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica- Módulo 2. A introdución da Educación para a cidadanía global na escola



<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/>
Este obra está baixo una [licencia de Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional](http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).

Como citar este traballo: Méndez García, Rosa, Naya Riveiro, Cristina e Digón Regueiro, Patricia (2023). Documento 1 Módulo 2 A introdución da Educación para a Cidadanía Global na escola. *MOOC Educación para a cidadanía global na escola: Unha mirada desde a práctica*. ECIGAL. Universidade da Coruña. Creative Commons. <https://udcaberta.udc.gal/>